



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2018

(Aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria urxente do 12 de novembro de 2018)

Na Casa do Concello de Vigo, a 12 de novembro de dous mil dezaoito.

REUNIDOS

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don CAMILO PAÍS MARTÍNEZ, como presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 7640/335.

Tendo, daquela, os comparecientes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a "Festa do Magosto", na Praza do Berbés, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Festas, está interesado en preservar a cultura, o folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á ciudadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se vén celebrando dende hai vinte anos no Casco Vello da Cidade; primeiramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés.

III.- Que desde o ano 1996 se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.000,00 (sete mil) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- Que a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello

de Vigo, segundo resulta das declaracíons responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a programación, organización e execución da Festa do Magosto 2018", que se desenvolverá o vindeiro 10 de novembro na ribeira do Berbés.

Que en base ás precedentes consideracíons e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas "El Olivo" comprométese a organizar a Festa do Magosto, que terá lugar na Praza do Berbés o día 10 de novembro de 2018, asumindo as seguintes obrigas:

- 
- 1º.- Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o programa que consta no expediente como anexo I e que foi confeccionado pola comisión organizadora.
 - 2º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.
 - 3º.- Asumir todo o concernente á organización da "FESTA DO MAGOSTO 2018", achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumplir o programa presentado.
 - 4º.- Contratar todos os elementos necesarios para o bo desenvolvemento do programa.
 - 5º.- Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse polo menos 500 carteis e pancartas exteriores.
 - 6º.- Asumir a edición, producción e difusión de todo o material gráfico da programación do MAGOSTO 2018 para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas.
 - 7º.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necessariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).
 - 8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha pólixa de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da pólixa antes do inicio dos programas.
 - 9º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade, especialmente os requisitos para a tramitación de eventos e festas populares esixidos pola oficina de seguridade e mobilidade trala entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
 - 10º.- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumplir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.
 - 11º.- Deixar a zona da Praza do Berbés que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza.

12º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

13º.- Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas.

14º Á utilización de carpas ou calquera outro elemento de soporte ou cubrición que teñan certificados de homologación deberán cumplir co establecido pola normativa europea, así como certificado de instalación e de cumprimento das medidas de prevención.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas recreativas "El Olivo", unha subvención por importe de 7.000,00 € (sete mil euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Magosto.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES09.2080.5077.9330.4001.6285 da entidade bancaria NOVAGALICIA BANCO, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establecese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumplimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas

compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do 15 de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumplirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- No caso de que a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabarán estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Festas e Turismo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquellas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumplida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu

presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integralmente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establecese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes.

Décimo séptimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2018 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.


Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da Concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporá ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.


Vixésimo terceiro- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou

o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

CG


E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

A concelleira delegada da
Área de Festas e Turismo



Ana Laura Iglesias González

O Presidente da Federación de
Peñas recreativas El Olivo



Camilo País Martínez



EL OLIVO

C.I.F.G- 36.704.666.

Otero Pedraio, 5
Praza Galegos Ilustres
36211 VIGO

Tel.:986 237 778 - Fax: 886 097 015
secretaria@fprelolivo.com

**35995159K
CAMILO
PAIS (R:
G36704666)**


Firmado digitalmente
por35995159K CAMILO PAIS (R:
G36704666)
DN: cn=35995159K CAMILO PAIS
(R: G36704666) gn=CAMILO c=ES
o=FEDERACION VIGUESA DE
PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO
Motivo:Estoy aprobando este
documento
Ubicaciⁿ:
Fecha:2018-10-11 11:21+02:00

PROGRAMA

MAGOSTO 2018

Sábado, 10 de novembro

Praza do Berbes

- 
- | | |
|----------|---|
| 16.30 h. | Comezo preparación das castañas |
| 18.00 h. | Apertura da Festa Tradicional o público |
| 18.30 h. | Actuacións |
| 19.30 h. | Lectura do Pregón |
| 20.00 h. | Actuacións |
| 21.30 h. | Ata o ano que ven. |

Obxectivo Xeral do Programa:

A Celebración dunha festa moi arraigada e tradicional en Galicia. Garantir a orde e a seguridade dos asistentes durante o desenvolvemento do programa.

Data e lugar de execución:

10 de novembro de 2018. Praza do Berbes.

Beneficiarios:

Veciños, Veciñas de Vigo a da súa comarca.



EL OLIVO

C.I.F. G- 36704.666

Otero Pedraio, 5
Praza Galegos Ilustres
36211 VIGO
Tel.: 986 237 778 - Fax: 886 097 015
secretaria@fprelolivo.com

Nº Reg. Gº Civil 223-Sedición 2º. Nº Reg. Xunta de Galicia A-04-0117PO-457 Libro 1. Folio 138. Folio 1. Folio 138. Libro 1. Folio 1.

Execución:

Planificación, seguimiento, ejecución e producción integral do programa.
Vixilancia e control do publico con voluntarios aportados pola organización. Comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos. Contratación dos electos necesarios para o programa.

Recursos Humanos:

Voluntarios e Xunta Directiva tanto da Federación de Peñas. Equipo de traballo.

Recursos Materiais:

Material informático e de comunicación e material de oficina. Material para a limpeza, asado das castañas. Material de limpeza e seguridade para os voluntarios tales como: gorros, mandíis, guantes. Contratación de valados de seguridade, carpas, megafonía e iluminación ornamental.

Comunicación:

Carteis informativos.

Informar en todo momento os medios de comunicación (televisión, prensa e radio).

WEB e redes sociais.



Asdo.: Camilo Pais Martínez
PRESIDENTE F.P.R. "El Olivo"





EL OLIVO

C.I.F. G- 36.704.666.

Otero Pedraio, 5
Praza Galegos Illustres

36211 VIGO

Tel.:986 237 778 - Fax: 886 097 015
secretaria@fprelolivo.com

ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS

Gastos:

	Presupostado
Castañas (1.500 kg.)	3.120,00 €
Ferrofar	968,00 €
Carpas	1.573,00 €
Electricidade, luces e cartel magosto	1.200,00 €
Valoración traballo de voluntarios	3.770,00 €
Gastos varios	200,00 €
TOTAL GASTOS	10.831,00 €

Ingresos:

Convenio Concellería Festas	7.000,00 €
Achegas F.P.R. "El Olivo"	3.831,00 €
TOTAL INGRESOS	10.831,00 €

35995159K
CAMILO
PAIS (R:
G36704666)

Firmado digitalmente por35995159K
CAMILO PAIS (R: G36704666)
DN: cn=35995159K CAMILO PAIS
(R: G36704666) gn=CAMILO c=ES
o=FEDERACION VIGUESA DE
PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO
Motivo:Estoy aprobando este
documento
Ubicación:
Fecha:2018-10-17 09:35+02:00

Asdo.: Camilo País Martínez
Presidente F.P.R. "El Olivo"

